

MUNDIAL 2018



“Co Mundial debemos ser ambiciosos como cidade”

Xan Martínez Cajigal, concelleiro de Deportes da Coruña, chama a un acordo entre administracións para que a competición poda recalar na zona

Luis Soto
A CORUÑA

O concelleiro de Deportes da Coruña, **Xan Martínez Cajigal**, falou onte con DEPOR Sport sobre a situación do proxecto mundialista da cidade herculina, a menos dunha semana para a visita dos responsables federativos ás instalacións deportivas da urbe, que está programada para o xoves. **Cajigal** considera que a chegada do Mundial 2018 ou 2022 á Coruña sería unha oportunidade de ouro: “É preciso aproveitar a celebración do Mundial para ser ambiciosos como cidade, como Federacións e como todo. É un gran reto do que pode saír beneficiada a cidade, pero se precisa a colaboración das distintas administracións. Nós, dende o Goberno municipal, entendemos que se deben implicar todas as institucións: a administración central, a autonómica e, na medida do posible, a municipal, así como outras entidades privadas”.

O edil coruñés pensa que o primordial é o apoio do sector público ó proxecto: “O fundamental é que estean dacordo as administracións públicas. Despois procuraremos sumar ás privadas no caso de que sexa preciso”.

Cajigal explicou que o Concello está convocado pola Federación Española de Fútbol para este xoves, pero que non está establecido aínda que se vai tratar: “Aínda non sabemos en qué vai consistir exactamente a reunión, pois non nos chegou a orde do día. Dará-nola este luns, así que ata entón non podemos precisar o contido”.

O Concello recibirá a visita da RFEF este xoves, día 11 de febreiro

Cajigal espera coñecer este luns o contido da orde do día da reunión

“As decisións deben tomarse primeiro a nivel federativo” di o edil

Neste sentido, o responsable do deporte coruñés considera que os primeiros movementos deben producirse no eido federativo: “Dende a presentación do proxecto non se ten producido ningunha reunión. Agardamos á cita do xoves para extraer conclusións e saber cal debe ser o seguinte paso. Nós temos un ritmo, pero aquí os actores determinantes son as federacións. As decisións deben tomarse primeiro a nivel federativo. Nós aí non sabemos cal vai ser a súa posición. Iremos esperar á reunión do xoves, onde veremos os proxectos que temos e os compromisos que temos. Está o noso compromiso como administración local, pero faltan os compromisos doutras administracións e falta coñecer de xeito un pouco máis directo cales son os prantexamentos das federacións”.

Nun principio, a RFEF debía anunciar as cidades finalistas en decembro do 2009, pero esa decisión adiouse e aínda non se coñece máis sobre o proceso. ■




Xan Martínez Cajigal, concelleiro de Deportes

ROBERTO GÓMEZ

MÁS DE 600 E-MAILS

RECIBIDOS EN APOYO AL JUGADOR BRASILEÑO FILIPE LUIS



Pablo García

“Hola Filipe. Mi nombre es Pablo y soy un valenciano del Depor. Te quiero transmitir todos los ánimos posibles para que te recuperes pronto de la lesión. No te conozco, pero por lo que puedo intuir de tu personalidad no tengo dudas de que volverás a ser el mismo; eres un luchador y en la vida es muy importante luchar por lo que uno quiere. Sé que eres un fan de ‘Perdidos’ como yo (¡esa serie me vuelve loco!) así que te diré una de las frases míticas de la serie... ‘que esta lesión NO TE DIGA LO QUE NO PUEDES HACER!’”

Gabriel Antonioli

“Olá, sou brasileiro, moro em Jundiá, interior de São Paulo. Torço pela sua recuperação, e que você possa jogar a Copa do Mundo! Força nessa batalha, que será dura desde o início, a partir da fisioterapia. Felicidades, e confiança!”

Arthur Rocha

“Filipe, meu nome é arthur. Sou torcedor do FIGUEIRENSE e torço pela sua recuperação o mais rápido possível. Meu amigo que ja nos deu muitas felicidades também torço por fernandes que se lesionou também. FORÇA E MELHORAS NAÇÃO ALVINEGRA ESTA COM VC”

Elison de Souza

“Como dizia Chaplin, a persistência é o caminho do êxito. Nosso Sr. Jesus diz em Marcos 9:23 que TUDO é possível para quem tem fé. Força jogador catariense, SANTA CATARINA inteira torce por você. Vamos em frente que o melhor ainda esta por vir...”

Gustavo Michel

“Cara Deus te abençoe... boa recuperação... espero te ver na Copa”.



CLINICA BAVIERA
INSTITUTO OFTALMOLOGICO EUROPEO

Plan corporativo de salud ocular para socios y familiares directos del
REAL CLUB DEPORTIVO LA CORUÑA

	TARIFA PRIVADA	TARIFA RCD LA CORUÑA
Miopia • Hipermetropía • Astigmatismo		
CORRECCIÓN POR LÁSER*	1.075 € - 1.175 €/ojo	975 €/ojo
CONSULTA Y PRUEBAS PREVIAS	75 €	35 €

*Tratamiento ambulatorio de Laser Excimer. Disponible en corneales y retina.

En pocos minutos • Sin dolor ni hospitalización • Con anestesia tópica (gotas)
20% de descuento en el resto de consultas y tratamientos (excepto en prótesis)
Condiciones de financiación personalizadas.

Sólo por ser socio del **REAL CLUB DEPORTIVO DE LA CORUÑA** en Clínica Baviera podrán beneficiarse, usted y sus familiares directos, de ventajas y descuentos exclusivos en el cuidado de su visión. Con toda confianza. Imprescindible acreditación con carné de socio en su primera visita a la clínica.

CB A Coruña. Plaza de Galicia, 2. Tel. 98 112 66 43

EL CUIDADO DE SU VISIÓN MERECE CONFIANZA

902 130 100
www.clinicabaviera.com